

**ENTREGA DA MEDALLA “MARCIAL DEL ADALID”
Á SOCIEDADE CORAL POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA**

Museo de Pontevedra, 13 de decembro de 2025

Excelentísimo Señor Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes; Ilustrísimos Señores e Señoras Académicas; Excelentísimas e Ilustrísimas Autoridades; Señor Presidente e membros da Xunta Directiva da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra; Señora Directora, coralistas, amigos todos:

A música coral en Galicia, tal e como hoxe a coñecemos, é resultado dun proceso longo e complexo no que tradición, modernidade e identidade cultural foron tecendo un camiño compartido. Desde finais do século XIX, primeiro co nacemento das sociedades de recreo e dos grandes orfeóns urbanos, e máis tarde coa eclosión das agrupacións corais vinculadas ao movemento galeguista, o canto colectivo converteuse nun dos territorios privilexiados para a participación cidadá e para a afirmación da nosa cultura.

Estas corais, ao longo de máis dun século, fixeron posible un desenvolvemento musical sen precedentes en Galicia: democratizaron o acceso á práctica vocal, elevaron o folclore galego mediante harmonizacións e arranxos propios, introducíronse na interpretación da polifonía europea e contribuíron decisivamente á creación dun tecido cultural sólido nas vilas e cidades do país.

Neste marco histórico, figuras como Marcial del Adalid simbolizan o tránsito cara a unha concepción máis ambiciosa da música en Galicia: unha música entendida non só como expresión artística, senón como patrimonio común, ferramenta de formación e sinal de progreso cultural. A súa achega intelectual e musical insírese nese proceso de dignificación da creación e da interpretación que fixo posible o desenvolvemento posterior das grandes institucións corais do país.

Co fin de recoñecer esta traxectoria e de poñer en valor a excelencia artística das entidades que, mediante un labor constante e sostido, contribuíron decisivamente ao desenvolvemento da música coral en Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes instituíu no ano 1949 as Medallas “Marcial del Adalid”.

A súa creación responde á iniciativa do académico Adolfo Anta Seoane, quen soubo identificar no traballo destas sociedades unha función esencial, lonxe de calquera consideración accesoria: a de ocupar un lugar central na formación estética da cidadanía e na construción da vida cultural e artística do país.

Pois ben, neste contexto de memoria, tradición e compromiso, celebramos hoxe neste Museo de Pontevedra – institución que comparte coa Coral unha mesma historia civil, unha mesma vocación de servizo e unha mesma fidelidade á cultura galega – a entrega da Medalla “Marcial del Adalid” á Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, que neste ano 2025 celebra un século de vida.

A Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra naceu un 3 de febreiro de 1925 nun contexto cultural de extraordinaria efervescencia. Nunha cidade que era por entón un dos epicentros intelectuais máis importantes do país e nun tempo no que o galeguismo buscaba vías de expresión artística modernas e universais, a música converteuse nunha ferramenta esencial para proxectar unha Galicia culta, aberta e plenamente integrada na modernidade europea.

Fundada por personalidades de grande relevancia – entre as que se atopaban Antón Losada Diéguez, Antonio Blanco Porto, Antonio Iglesias Vilarelle e, de maneira moi destacada, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao – a Polifónica presentouse desde o inicio como unha entidade cun claro propósito de renovación estética e ideolóxica.

Castelao non só foi fundador e cantor na corda de baixos xunto a Alexandre Bóveda, Losada Diéguez e Iglesias Vilarelle, senón que chegou a presidir a entidade entre 1929 e 1932, deixando un legado artístico de dimensión monumental: dez escenografías realizadas entre 1926 e 1934.

A primeira representación pública da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra tivo lugar o 9 de abril de 1925, Xoves Santo, na igrexa de San Francisco, cun programa de música sacra que se repetiu ao día seguinte na basílica de Santa María a Maior. Aquel debut anunciaba xa unha vontade de renovación profunda: por primeira vez unha agrupación galega asumía a interpretación sistemática da polifonía culta europea, afastándose do modelo tradicional dos coros galegos, ademais de contar coa incorporación de mulleres á formación de forma estable, algo insólito no panorama

galego da época. A propia natureza da polifonía europea e os novidosos arranxos polifónicos da música tradicional galega que estaban a facer, esixían unha diversidade e profundidade tímbrica que non podía ser alcanzada por formacións exclusivamente masculinas. A Coral situouse así nun punto de encontro entre a esixencia musical e unha realidade social que avanzaba paseniño cara a unha maior presenza feminina nas artes.

Esta vocación innovadora consolidouse no concerto do 23 de marzo no Teatro Principal, onde Castelao e Antonio Iglesias Vilarelle concibiron unha posta en escena que supuxo un auténtico fito na historia musical galega. Para aquela ocasión, Castelao elaborou cinco telóns escenográficos, entre os que o célebre Rosetón Oxival – inspirado no da igrexa de San Francisco – quedaría como o máis recordado polo impacto visual e simbólico que provocou no público.

A iluminación coidada, o uso de incenso e o tratamento do espazo escénico revelaban o coñecemento que Castelao tiña das propostas sinestésicas de Nilita Balieff, cuxo traballo introducira en Europa unha nova forma de integrar música, luz e atmosfera. O resultado foi unha experiencia sensorial inédita en Galicia, na que a dimensión visual dialogaba de maneira moderna coa estética sacra do programa. O éxito daquela proposta confirmou que a Polifónica estaba chamada a converterse nun referente esencial no panorama cultural do país.

Ao longo dun século de historia, a Coral soubo manter un equilibrio sostido entre a polifonía europea – desde a música medieval ata os mestres do Renacemento e do Barroco – e o repertorio galego harmonizado. Pezas como “Si vas ao San Benitiño”, “Non te namores meniña”, “Vexo Vigo, vexo Cangas”, ocuparon un lugar destacado nunha traxectoria marcada por centos de concertos en Galicia e no resto da Península, así como por xiras por Europa e América, contribuíndo de maneira decisiva á proxección da música galega no exterior.

Cabe salientar que tamén tivo un papel pioneiro na creación do patrimonio sonoro galego. En 1928 gravou entre outros, títulos como “Camiña don Sancho” e “Prende, salgueiriño prende”, contribuíndo á conservación dun repertorio que forma parte da memoria colectiva do país.

Para unha Galicia que apenas comezaba a transitar do fonógrafo á discografía comercial, estas gravacións supuxeron un paso decisivo.

Á luz deste legado, da súa contribución á cultura galega e da continuidade exemplar do seu labor, enténdese o amplo recoñecemento institucional que a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra foi acadando ao longo da súa historia. Entre as súas distincións figuran a Primeira Medalla de Prata da Cidade de Pontevedra, a Medalla de Prata do Ateneo “Santa Cecilia” de Marín e o Premio Cidade de Pontevedra. Neste ano 2025, ano Castelao, coincidindo coa celebración do centenario da súa fundación, a Coral recibiu dous recoñecementos de especial significación: a emisión dun selo conmemorativo por parte de Correos, honra reservada a entidades de relevancia histórica e cultural, e a concesión do Premio Otero Pedraio, un dos galardóns máis prestixiosos de Galicia, destinado a salientar iniciativas exemplares na dignificación e proxección da cultura galega.

Estes premios, xunto coa longa lista de distincións acumuladas pola Coral ao longo do tempo, testemuñan a súa importancia como institución referencial e como unha das voces máis sólidas e queridas da vida cultural galega contemporánea.

Todos os fitos mencionados – a visión fundacional, a aposta pola polifonía europea, a innovación escénica, a incorporación pioneira das voces femininas, a creación dun repertorio propio, as gravacións históricas, os recoñecementos institucionais e o vínculo permanente coa cidade de Pontevedra – explican parte da grandeza da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra.

Mais nada disto, absolutamente nada, tería sido posible sen as persoas que deron vida á coral ao longo do tempo. Directores e directoras que dedicaron anos da súa existencia a construír sonoridades e a formar xeracións; presidentes e xuntas directivas que, con discreción e firmeza, sostiveron a estrutura necesaria para que a música puidese acontecer; cantores e cantoras que puxeron a súa voz, o seu tempo e a súa emoción ao servizo dun proxecto maior ca eles mesmos.

Cada un deles, sen excepción, escribiu unha liña desta historia.

Hoxe, esta responsabilidade continúa con idéntica entrega nas mans de Carlos Valle, presidente da Sociedade, e de Nanette Sánchez Ordaz, directora artística. Ambos recollen o legado recibido e condúceno con rigor e sensibilidade, asegurando que a coral avance sen perder a súa esencia.

Da súa man, os actuais membros da Coral manteñen vivo o espírito fundacional cunha dedicación que merece ser destacada. Ben sabemos que formar parte dunha coral esixe disciplina, tempo e non poucas renuncias. Mais quen canta faino por verdadeiro amor á música e polo gozo profundo de unir a propia voz a outras voces nun espazo de beleza compartida. Grazas á súa entrega – constante e imprescindible – a Polifónica continúa a ser un lugar onde o esforzo se transforma en harmonía e onde a música segue viva, unindo xeracións e construíndo comunidade.

É por todo isto, e polo que simboliza esa traxectoria exemplar, que esta noite facemos entrega da Medalla “Marcial del Adalid” á Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, como recoñecemento explícito ás mulleres e homes que, ao longo de cen anos, fixeron posible unha das creacións culturais máis firmes, duradeiras e valiosas da nosa historia.

Remato aquí, con profundo respecto e gratitude, sentindo que esta distinción non pecha un ciclo, senón que renova un compromiso: o de seguir facendo da música un instrumento de afirmación da nosa identidade, un camiño de liberdade e un canto de amor a Galicia.

E con esta esperanza fago miñas as palabras de Álvaro Cunqueiro, que tan sabiamente fixo resoar nesta institución o mestre Juan Durán:

Mil primaveras máis para a música galega.

Mil primaveras máis para a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra.

Moitas grazas!